

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL
GROVE, O****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DE ACCESIBILIDADE EN CONCELLEIRA**E D I C T O*

Faise pública para xeral coñecemento a seguinte:

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

O Grove 24/10/2016

DELEGACIÓN PARA O EXERCICIO DE ATRIBUCIÓN A FAVOR DE CONCELLEIROS.

A Alcaldía-Presidencia deste concello, de conformidade coas atribucións que ten conferidas en virtude do disposto no art. 23.4 da Lei reguladora de bases de réxime local, 61.3 da Lei de administración local de Galicia, 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado mediante R.D. 2568/86, de 28 de novembro, por medio da presente veño en

A C O R D A R :

PRIMEIRO.—Practicar delegación para o exercicio de atribucións que me veñen conferidas en materia de ACCESIBILIDADE a favor da concelleira MARIA ANGELES DOMINGUEZ FERNANDEZ, para a súa dirección, xestión e impulsión, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros sen prexuízo de delegar a firma conforme establece o artigo 16 da Lei 30/92, de 26 de novembro.

SEGUNDO.—Da presente Resolución darase conta ao Pleno Municipal, na primeira sesión que este leve a cabo, notificándoselle, ademais, persoalmente á corporativa interesada.

TERCEIRO.—Publicar o presente acordo no BOP para o seu xeral coñecemento.

O alcalde, José A. Cacabelos Rico.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

